

---

Departamento de Piano:

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

*Curso 2007-2008*

---

# GRAO ELEMENTAL

Os 4 cursos que compoñen o grao elemental, constitúen unha etapa de suma importancia para o desenvolvemento do futuro instrumentista. ao longo deste período sentaranse as bases dunha técnica

correcta e eficaz e, o que é mais importante, duns coñecementos musicais que cristalicen e que haberán de

ser ampliados no grao profesional.

## OBXECTIVOS COMÚNS

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas. Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.
- Establecer as bases para desenvolver a capacidade de interpretar en público, de memoria, con seguridade e que permitan vivir a música como medio de comunicación.
- Crear nos alumnos o hábito de actuar en público.
- Desenvolver a memoria e a capacidade de improvisación como bos medios para lograr unha maior liberdade de expresión.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse, ser autocrítico e valorar o propio rendemento en relación co tempo empregado, así como buscar solucións aos problemas que xurdan nunha partitura.
- Sentar as bases que permitan formar unha técnica pianística sólida.

## RECURSOS COMÚNS

- Colaboración entre seminarios, principalmente Linguaxe Musical.
- Realización de cursos de formación para profesores e alumnos.
- Emprego do material audiovisual do centro.
- Intercambios con outros centros educativos.
- Audicións, concertos, concursos, etc.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Completar o programa establecido para cada curso.
- Interpretar con corrección as obras incluídas no programa dende o punto de vista técnico (hábitos posturais, velocidade, pulcritude da interpretación, dixitación, execución correcta dos

distintos tipos de ataque e diferentes dinámicas, uso do pedal, calidade do son, etc.) e musical (fraseo, estilo, métrica, pedalización, creatividade, etc.).

- Interpretar en público como solista, e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, amosando profesionalidade, seguridade e control da situación
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual así como a adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Participar nas actividades organizadas polo departamento: audicións, cursiños, intercambios, etc.
- Participar nas actividades organizadas polo profesor titor.
- Amosar interese polas diferentes materias que conforman o currículo do ensino musical.
- Asistir, na medida do posible, ás actividades musicais organizadas polo conservatorio así como por outras entidades culturais.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseo adecuados ao seu contido.
- Describir con posterioridade a unha audición as características principais das obras escoitadas.

### **AVALIACIÓN**

A avaliación será continua, formativa e estará adaptada aos criterios establecidos na programación.

O profesor mostrará flexibilidade á hora de avaliar ao alumno sempre e cando este desenvolvese os contidos mínimos.

### **REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Para obter unha cualificación positiva en cada un dos cursos dos que consta o Grao Elemental o Departamento establece os seguintes requisitos mínimos:

- Completar o programa establecido para cada curso académico.

### **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

Os alumnos que non obteñan unha cualificación positiva poderán recuperar o curso pendente na proba

extraordinaria que, con tal finalidade, se convocará. Para esta proba os alumnos presentarán unha lista na

figuren todas as obras que integran o programa do curso que pretenden recuperar e interpretarán as

o profesor ou tribunal estimen oportunas.

Os alumnos que, despois de non asistir a clase durante o curso lectivo, queiran exercer o seu dereito a

exame presentarán unha lista na que figuren todas as obras que integran o seu programa e interpretarán

integralmente o mesmo.

## **PRIMEIRO CURSO**

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

Ademais dos obxectivos comúns a desenvolver durante todo o grao elemental anteriormente descritos,

ensino do piano neste curso terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades

seguintes:

- Adoptar unha posición adecuada do corpo en relación ao instrumento que favoreza a acción do conxunto brazo – antebrazo - man sobre o teclado.
- Coñecer do teclado.
- Coñecer os pedais e o seu funcionamento.
- Aprender xogando
- Sentar as bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
- Adquirir un grao de desenvolvemento técnico que permita interpretar obras de dificultade adecuada ao nivel con corrección e liberdade.
- Crear nos alumnos o hábito de actuar en público.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensábeis esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da execución coordinada de ambas.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensábel para obter unha boa calidade de son.
- Desenvolvemento da capacidade de obter sons de distinta intensidade entre ambas mans.
- Interpretación dun repertorio de obras, de dificultade adecuada ao nivel.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Desenvolvemento de hábitos de estudio correctos e eficaces.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento e o profesor titor.

## **METODOLOXÍA**

No primeiro curso do Grao Elemental os alumnos interpretarán un programa composto por un mínimo de 9 obras, 2 delas de memoria.

## **REPERTORIO ORIENTATIVO**

- Piano básico.nivel 1 e nivel 2.
- O meu primeiro libro de piano, Henry Lemoine.
- Os principios do piano, Czerny.
- Estudios infantís, Czerny.
- Os cinco dedos, Czerny.
- 100 recreacións fáciles, Czerny.
- Mikrokosmos, vol.1 (a partir do nº 17), B. Bartok.
- Basic Jazz, nº 1, Manel Camp.
- Álbum da mocidade (do 1 a 5), Schumann.
- Cuadernos de Adriana (como mínimo 3 obras).
- Kabalewsky, op.39 (ate o nº 12 incluído).
- Bastien.

## **SEGUNDO CURSO**

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

Ademais dos obxectivos comúns a desenvolver durante todo o grao elemental anteriormente descritos,

o ensino do piano neste curso terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades

seguintes:

- Adoptar unha posición adecuada do corpo en relación ao instrumento que favoreza a acción do conxunto brazo - antebrazo - man sobre o teclado.
- Sentar as bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utiliza-las dentro das esixencias do nivel.
- Adquirir un grao de desenvolvemento técnico que permita interpretar obras de diferentes estilos e dificultade adecuada ao nivel con corrección e liberdade.
- Profundar no coñecemento dos pedais e a súa utilización.
- Crear nos alumnos o hábito de actuar en público.

### **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensábeis esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da execución coordinada de ambas.

- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Iniciación no estudo dos movementos posibles, a partir das distintas articulacións do brazo (pulso, cúbado, ombro).
- Iniciación no coñecemento dos diferentes modos de ataque.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensábel para obter unha boa calidade de son.
- Desenvolvemento da capacidade de obter sons de distinta intensidade entre ambas mans.
- Interpretación dun programa formado por estudos e obras do repertorio pianístico, que abrangan épocas e estilos diferentes e que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Iniciación na comprensión das estruturas musicais: motivos, temas, períodos, frases, seccións...., para chegar a unha interpretación consciente.
- Iniciación no arte de frasear.
- Desenvolvemento de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento –audicións trimestrais e concertos no auditorio- e o profesor titor.

## **METODOLOXÍA**

No segundo curso do Grao Elemental os alumnos interpretarán un programa composto por un mínimo de 9 obras, 2 delas de memoria.

## **REPERTORIO ORIENTATIVO**

- Vol.II Mikrokosmos de B. Bartok.
- "For Children" de B. Bartok.
- Estudios op.100 de F. Burgmüller.
- "Cuadernos de Adriana" (a partir do nº 9) Antón García Abril.
- De Bach a Stravinsky.
- "O piano" (Primeiro). Tchokow-Gemiu.
- Álbum de Ana Magdalena Bach; "Álbum da Mocidade" de R. Schumann; Sonatinas de Diabelli, Clementi, Beethoven, etc; pezas de Mozart, Haydn, etc.
- Pezas para nenos, op.39 de Kabalewsky.
- Obras a catro mans escollidas libremente polo profesor de acordo co nivel do alumno.

## **TERCEIRO CURSO**

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

Ademais dos obxectivos comúns a desenvolver durante todo o grao elemental anteriormente descritos,

o ensino do piano neste curso terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades

seguintes:

- Adoptar unha posición adecuada do corpo en relación ao instrumento que favoreza a acción do conxunto brazo - antebrazo - man sobre o teclado.
- Sentar as bases para unha utilización consciente do peso do brazo.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utiliza-las dentro das esixencias do nivel.
- Mostrar un grao de desenvolvemento técnico que permita abordar, dentro das esixencias do nivel, os distintos estilos de escritura que son posibles nun instrumento da capacidade polifónica do piano.
- Iniciar ao alumno no coñecemento das diferentes épocas que abrangue a literatura pianística ao longo da historia e das esixencias que suscita unha interpretación correcta.
- Interpretar un repertorio de obras representativas das diferentes épocas e estilos dunha dificultade adecuada ao nivel.
- Profundar no coñecemento dos pedais e a súa utilización.

- Crear nos alumnos o hábito de actuar en público.

### **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como dos indispensábeis esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos
- Profundar no estudio dos movementos posibles, a partir das distintas articulacións (pulso, cúbado, ombro), tales como caídas, lanzamentos, desprazamentos laterais, movementos circulares e de rotación.
- Iniciación ao coñecemento dos diferentes modos de ataque.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensábel para obter unha calidade de son.
- Desenvolvemento da capacidade de obter sons de distinta intensidade entre ambas mans os dedos dunha mesma man.
- Interpretación dun programa formado por estudos e obras do repertorio pianístico, que abrangan épocas e estilos diferentes e que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto capacidade musical e técnica do alumno.
- Coñecemento do pedal a tempo e a contratempo.
- Desenvolvemento da comprensión de estruturas musicais: motivos, temas períodos, seccións, ..., para chegar a unha interpretación consciente.
- Desenvolvemento do arte de frasear.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Desenvolvemento de hábitos de estudio correctos e eficaces.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento –audicións trimestrais e concertos auditorio- e o profesor titor.

### **METODOLOXÍA**

No terceiro curso do Grao Elemental os alumnos interpretarán un programa composto por un de 8 obras, 2 delas de memoria. Este programa constará dos seguintes apartados:

- 3 *Estudios*
- 1 *Obra Barroca*.
- 1 *Sonata Clásica ou variacións ou fantasías*.
- 3 *obras a escoller entre os estilos Romántico, Moderno ou Música Española*.

### **REPERTORIO ORIENTATIVO**

#### **• Estudios:**

- Vol.II ou III do *Microkosmos* de Bela Bartok.
- Bertini, op.100
- Czerny, op. 636, op. 299,etc.
- Burgmüller op. 100, etc.

• **Barroco:** Álbum de A. M. Bach ou "Pequenos Preludios" de J. S. Bach.

• **Sonatinas** de Diabelli, Clementi, Beethoven, Mozart, etc...ou no seu lugar 2 pezas mesma dificultade de Mozart ou Haydn.

#### **• Moderna:**

- Pezas para nenos op.27 ou op.39 de D.Kabalewsky.
- Pezas para nenos de S. Prokofiev.
- Pezas para nenos de A. Kachaturian.

#### **• Romántica:**

- Álbum da mocidade de R. Schumman.
- Álbum da mocidade de P. I. Tchaikowsky.

#### **• Española:**

- Álbum da xuventude de E. Granados.
- 8 apuntes de J. Guridi

# CUARTO CURSO

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ademais dos obxectivos comúns a desenvolver durante todo o grao elemental anteriormente descritos,

o ensino do piano neste curso terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades

seguintes:

- Adoptar unha posición adecuada do corpo en relación ao instrumento que favoreza a acción do conxunto brazo - antebrazo - man sobre o teclado.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utiliza-las dentro das esixencias do nivel.
- Sentar as bases para unha utilización consciente do peso do brazo.
- Mostrar un grao de desenvolvemento técnico que permita abordar, dentro das esixencias do nivel, os distintos estilos de escritura que son posibles nun instrumento da capacidade polifónica do piano.
- Desenvolver o coñecemento das diferentes épocas que abrangue a literatura pianística ao longo da historia e das esixencias que suscita unha interpretación correcta.
- Interpretar un repertorio de obras representativas das diferentes épocas e estilos dunha dificultade adecuada ao nivel.
- Profundar no coñecemento dos pedais e a súa utilización.
- Solucionar cun certo grao de autonomía os problemas de execución que poidan presentarse, relativos a dixitación, pedalización, fraseo, dinámica,...
- Crear nos alumnos o hábito de actuar en público.

## CONTIDOS MÍNIMOS

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como dos indispensábeis esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da execución coordinada de ambas.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Desenvolvemento no estudio dos movementos posibles, a partir das distintas articulacións do brazo (pulso, cóbado, ombro), tales como caídas, lanzamentos, desprazamentos laterais, movementos circulares e de rotación, e de todas as súas combinacións posibles, coa clara percepción de que eses diferentes tipos de movementos constitúen a base de toda técnica pianística eficaz.
- Desenvolvemento do coñecemento dos diferentes modos de ataque. Concepto de xesto.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensábel para obter unha boa calidade de son.
- Desenvolvemento da capacidade de obter sons de distinta intensidade entre ambas mans e entre os dedos dunha mesma man, tratando de atinxir unha diferenciación dinámica que resulta indispensábel nun instrumento polifónico, xa se trate da relación melodía - acompañamento ou de formulacións de maior ou menor complexidade.
- Interpretación dun programa formado por estudos e obras do repertorio pianístico, que abrangan épocas e estilos diferentes e que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Desenvolvemento da utilización do pedal a tempo e a contratempo.
- Desenvolvemento da comprensión das estruturas musicais: motivos, temas, períodos, frases, seccións, ..., para chegar a unha interpretación consciente.
- Desenvolvemento do arte de frasear.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Desenvolvemento de hábitos de estudio correctos e eficaces.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento –audicións trimestrais e concertos no auditorio- e o profesor titor.

## METODOLOXÍA

No cuarto curso do Grao Elemental os alumnos interpretarán un programa composto por un mínimo

de 6 obras. Este programa constará dos seguintes apartados:

- 3 *Estudios*
- 1 *Obra Barroca*.
- 1 *Sonata Clásica ou variacións ou fantasías*.
- 1 *obra a escoller entre os estilos Romántico, Moderno ou Música Española*.

## REPERTORIO ORIENTATIVO

### • Estudios:

- Heller, op.47.
- Czerny, op.299, op. 636, etc.
- Vol.II ou III do *Microkosmos* de Bela Bartok.

### • Barroco:

- "Pequenos Preludios" de J.S. Bach, a excepción de: BWV 925, BWV 928, BWV 930, BWV 936, BWV 937, BWV 943.

- Invencións a 2 voces.

- **Obra Clásica:** Sonatas ou Sonatinas de Diabelli, Clementi (excepto a nº 1), Mozart, Beethoven e Haydn.

### • Moderna:

- Vol.III ou IV do *Mikrokosmos* de B.Bartok.
- Pezas para nenos de S. Prokofiev.
- Danzas romanesas de B. Bartok, excepto a nº 2 e 3.

### • Romántica:

- Álbum da mocidade de R.Schumman, excepto as 5 primeiras.
- Escenas de nenos de R.Schumman.
- Valses de J.Brahms.

### • Española:

- Danzas de E.Granados.
- Hojas de Álbum de I.Albéniz.
- Rumores de la caleta de I.Albéniz.

# GRAO PROFESIONAL

## OBXECTIVOS COMÚNS

- Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar a calidade da música.
- Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o goce da música.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- Tomar consciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.
- Adquirir a experiencia necesaria para actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Crear nos alumnos o hábito de actuar en público.
- Adquirir o hábito de escoitar música e asistir a concertos para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lle permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que lles permitan vivir a experiencia de trasladar o goce da música a outros.
- Atinxir un dominio do corpo e da mente que lles permita o control necesario, tanto da relaxación como da concentración, para utilizar con seguranza a técnica e desenvolver un son de calidade.
- Saber aplicar os coñecementos harmónicos e formais e históricos para conseguir unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer o repertorio de solista e de conxunto do instrumento, dentro da ampla panorama das diferentes épocas e estilos.
- Utilizar con facilidade a lectura a primeira vista e a improvisación.

## RECURSOS COMÚNS

- Colaboración cos distintos departamentos do centro, principalmente Música de Cámara.
- Realización de cursos de formación para profesores e alumnos.
- Emprego do material audiovisual do centro.
- Intercambios con outros centros educativos.
- Audicións, concertos, concursos, etc.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Completar o programa establecido para cada curso.
- Interpretar con corrección as obras incluídas no programa dende o punto de vista técnico (hábitos posturais, velocidade, pulcritude da interpretación, dixitación, execución correcta dos distintos tipos de ataque e diferentes dinámicas, uso do pedal, calidade do son, etc.) e musical (fraseo, estilo, métrica, pedalización, creatividade, etc.).
- Interpretar en público como solista, e de memoria, obras representativas de o seu nivel no instrumento, amosando profesionalidade, seguridade e control da situación
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual así como a adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Participar nas actividades organizadas polo departamento: audicións, cursiños, intercambios, etc.

- Participar nas actividades organizadas polo profesor titor.
- Amosar interese polas diferentes materias que conforman o currículo do ensino musical.
- Asistir, na medida do posible, ás actividades musicais organizadas polo conservatorio así como por outras entidades culturais.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseo adecuados ao seu contido.
- Describir con posterioridade a unha audición as características principais das obras escoitadas.

### **AVALIACIÓN**

A avaliación será continua, formativa e estará adaptada aos criterios establecidos na programación.

O profesor mostrará flexibilidade á hora de avaliar ao alumno sempre e cando este desenvolvese os contidos mínimos.

### **REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Para obter unha cualificación positiva en cada un dos cursos dos que consta o Grao Profesional o Departamento establece os seguintes requisitos mínimos:

- Completar o programa establecido para cada curso académico.

### **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

Os alumnos que non obteñan unha cualificación positiva poderán recuperar o curso pendente na proba

extraordinaria que, con tal finalidade, se convocará. Para esta proba os alumnos presentarán unha lista na

que figuren todas as obras que integran o programa do curso que pretenden recuperar e interpretarán as

que o profesor ou tribunal estimen oportunas.

Os alumnos que, despois de non asistir a clase durante o curso lectivo, queiran exercer o seu dereito a

exame presentarán unha lista na que figuren todas as obras que integran o seu programa e interpretarán

integralmente o mesmo.

## **PRIMEIRO CURSO**

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

Ademais dos obxectivos comúns a desenvolver durante todo o grao Profesional anteriormente descritos, o ensino do piano neste ciclo terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as

capacidades seguintes:

- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de distintas épocas e estilos, de dificultade adecuada ao nivel.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música, especialmente referidos á escritura rítmica e á ornamentación.
- Aplicar con autonomía maior os coñecementos musicais para solucionar por se mesmo os problemas de execución que poidan presentarse, referidos a dixitación, fraseo e dinámica.
- Crear nos alumnos o hábito de tocar en público.

### **CONTIDOS MÍNIMOS**

- A dixitación e a súa problemática.
- Desenvolvemento e perfeccionamento de toda a gama de modos de ataque.
- A utilización progresivamente maior do peso do brazo como principal fonte de forza e control da sonoridade.
- A dinámica. A maior precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refiren e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- A utilización dos pedais e a potenciación que experimentaron os seus recursos na avaliación da escritura pianística.

- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Ligado a iso, o desenvolvemento do cantabile no piano.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Selección progresiva encanto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio pianístico que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento –audicións trimestrais e concertos no auditorio- e o profesor titor.

### **METODOLOXÍA**

Nos primeiro curso do Grao Profesional os alumnos interpretarán un programa composto por un mínimo de 6 obras. Este programa constará dos seguintes apartados:

- 2 *Estudios*
- 1 *Obra Barroca*.
- 1 *Sonata Clásica ou variacións ou fantasías*.
- 2 *obras a escoller entre os estilos Romántico, Moderno ou Música Española*.

## **SEGUNDO CURSO**

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

Ademais dos obxectivos comúns a desenvolver durante todo o grao profesional anteriormente descritos, o ensino do piano neste curso terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as

capacidades seguintes:

- Conseguir unha maior autonomía na forma de estudio.
- Ampliación de coñecementos encanto a interpretación.
- Desenvolvemento da forma de tocar en público e potenciación cada vez maior da memoria.
- Crear nos alumnos o hábito de tocar en público.

### **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Coñecemento profundo de postura de corpo, brazos e mans.
- Adestramento da precisión á hora de se escoitar.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento –audicións trimestrais e concertos no auditorio- e o profesor titor.

### **METODOLOXÍA**

Nos segundo curso do Grao Profesional os alumnos interpretarán un programa composto por un mínimo de 6 obras. Este programa constará dos seguintes apartados:

- 2 *Estudios*
- 1 *Obra Barroca*.
- 1 *Sonata Clásica ou variacións ou fantasías*.
- 2 *obras a escoller entre os estilos Romántico, Moderno ou Música Española*.

### **REPERTORIO ORIENTATIVO: 1º E 2º GRAO PROFESIONAL**

#### **• Estudios:**

- Cramer, vol. 1
- Czerny, op.299, excepto nº1, 2, 3 e 4.
- Heller, op.45
- B.Bartok, Mikrokosmos vol. IV
- Czerny, op.740

#### **• Obras Barrocas:**

- Bach, Invencións a 2 ou 3 voces.

#### **• Obra Clásica:**

- Sonatinas Vienesas de Mozart.
- Sonatinas 1, 2 ou 3 de Beethoven.

- Sonata op.49, nº 1 e 2 de Beethoven.
- Sonatas KV 545 e KV 283 de Mozart.
- Sonatas de Haydn : Hob.XVI/10 e Hob.XVI/5
- **Obra Romántica:**
- Valses de Chopin.
- Escenas de Nenos op.15 de Schumann.
- Romanzas sen Palabras de Mendelssohn.
- Momentos Musicais de Schubert.
- **Obra Española:**
- Granada de Albéniz.
- Preludios Vascos do Padre Donostia.
- Danzas de Granados (I, II, III, IV)
- **Obra Moderna:**
- Children's Corner (1, 2, 5) de Debussy.
- Pezas para Nenos de Casella:Galope final, Carillón,...
- 25 Preludios, op.38 de Kabalevsky.
- "Pezas para nenos", op.65 de Prokofiev.

## TERCEIRO CURSO

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ademais dos obxectivos comúns a desenvolver durante todo o grao profesional anteriormente descritos, o ensino do piano neste curso terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as

capacidades seguintes:

- Interpretar un repertorio de obras representativas das diferentes épocas e estilos dunha dificultade adecuada ao nivel.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista, de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Demostrar un maior dominio e madurez na execución en público de obras e estudos.
- Ser consciente das diferencias de textura, cor, harmonización e realización entre os diferentes estilos.
- Escoitarse constantemente como hábito para estar en circunstancias óptimas para corrixir posibles erros ou mellorar globalmente a execución da peza.
- Crear nos alumnos o hábito de tocar en público.

### CONTIDOS MÍNIMOS

- Consolidación da técnica de base, sempre co control do oído para poder apreciar as diferencias de son resultantes.
- Desenvolvemento e perfeccionamento de toda a gama de modos de ataque.
- Control do peso que permita o dominio dos diferentes planos sonoros.
- Hábito de pedalizar con progresiva autonomía, segundo o estilo das obras.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.
- Estímulo da lectura de libros ou outras publicacións relacionadas coa interpretación e o estudio do piano.
- Repertorio en grupo e de música de cámara.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento –audicións trimestrais e concertos no auditorio- e o profesor titor.

### METODOLOXÍA

No terceiro curso do Grao Profesional os alumnos interpretarán un programa composto por un mínimo de 5 obras. Este programa constará dos seguintes apartados:

- 1 Estudio.
- 1 Obra Barroca.

- 1 Sonata Clásica ou variacións ou fantasías.
- 2 obras a escoller entre os estilos Romántico, Moderno ou Música Española.

## CUARTO CURSO

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ademais dos obxectivos comúns a desenvolver durante todo o grao profesional anteriormente descritos, o ensino do piano neste ciclo terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos capacidades seguintes:

- Afondar no coñecemento biográfico dos autores traballados no repertorio.
- Aplicar a análise para a comprensión das formas mais importantes presentes no repertorio en estudio.
- Interpretar en público un repertorio que inclúa diferentes estilos, formas e xéneros, e establecer cos oíntes unha boa comunicación.
- Interpretar un repertorio gradualmente mais diverso.
- Crear nos alumnos o hábito de tocar en público.

### CONTIDOS MÍNIMOS

- Hábito de practicar regularmente algún tipo de exercicio de relaxación/respiración para liberar do corpo e da mente todo o cansazo e as tensións que produce o estudio do piano.
- Hábito de solfexar, analizar e comprender a estrutura da obra previamente ao estudio co instrumento.
- Diferentes planos sonoros coas dúas mans segundo a textura xeral da obra e as necesidades concretas de cada pasaxe.
- Hábito de dixitar unha obra segundo as particularidades físicas de cada man e as necesidades estilísticas e expresivas de cada pasaxe.
- Preparación psicolóxica que favoreza o rendemento mais alto, tanto no traballo individual como na interpretación en público.
- Lectura a vista.
- Improvisación sobre estruturas harmónicas fundamentais.
- Hábito de ler libros ou outras publicacións, relacionadas cos pianistas mais importantes do pasado e do presente e escoitar as súas gravacións ou concertos.
- Hábito de asistir a concertos .
- Participación nas audicións organizadas polo departamento –audicións trimestrais e concertos no auditorio- e o profesor titor.

### METODOLOXÍA

No cuarto curso do Grao Profesional os alumnos interpretarán un programa composto por un mínimo de 5 obras. Este programa constará dos seguintes apartados:

- 1 Estudio.
- 1 Obra Barroca.
- 1 Sonata Clásica ou variacións ou fantasías.
- 2 obras a escoller entre os estilos Romántico, Moderno ou Música Española.

### REPERTORIO ORIENTATIVO: 3º E 4º DE GRAO PROFESIONAL

#### • Estudios:

- Burgmüller, op.105.
- Jensen, op.32.
- Czerny, op.740 nº2, 3, 37 e 41.
- Bartok Microcosmos, vol.V ou VI.
- Cramer, vol.1, 2 e 3.

#### • Obra Barroca:

- Bach, Invencions a 3 voces.
- **Obra clásica:**
- Beethoven, op.10 nº 1; op.14 nº 1; op.79.
- Fantasía en Re menor, KV 309; KV 332 de Mozart.
- Haydn: Sonatas Hob.XVI/32, Hob.XVI/30, Hob.XVI/49, Hob.XVI/19, Hob.XVI/50, Hob.XVI/35 e Hob.XVI/34
- **Obra Romántica:**
- Impromptus de Schubert, op.90.
- Mazurcas de Chopin (números 5, 6, 22, 31, 40, 45, 47, 48, 49).
- Romanzas sen Palabras de Mendelssohn (números 5, 8, 10, 11, 15, 17, 18, 20, 21, 23, 24, 26, 32, 34, 39, 47, ...)
- Preludios de Chopin (números 3, 10, 13, 15, ...)
- **Obra Moderna:**
- Danzas Romanesas de B.Bartok (integral).
- Arabesques de Debussy.
- Danzas Fantásticas de Shostakovich.
- Sonatina de Kachaturian.
- Sonatinas de Kabalevsky.
- **Obra española:**
- Cancións e Danzas de Mompou.
- Zambra, Generalife, Sacromonte, ..., de Turina
- Cataluña de Albéniz.
- Danzas Viejas de Guridi.

# TERCEIRO CICLO DE GRAO MEDIO (LOXSE)

## PRIMEIRO CURSO

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ademais dos obxectivos comúns a desenvolver durante todo o grao medio anteriormente descritos, o

ensino do piano neste curso terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades

seguintes:

- Ter interese e hábito de relacionar o repertorio pianístico e o repertorio global dos compositores mais importantes.
- Ter certa autonomía e criterio propio para interpretar o estilo, aplicando correctamente a técnica e con dominio do corpo e do instrumento.
- Mostrar coñecemento dos tratados mais importantes sobre técnica e estilo e aplica-lo de forma amplía á interpretación.
- Ser consciente das principais diferencias de textura, de cor, de harmonización e de pedalización nos diferentes estilos a que pertencen as obras traballadas.
- Interpretar aplicando a técnica pianística adecuada ao estilo e ao xénero ao que pertence cada composición.
- Interpretar ante calquera público o repertorio traballado, cun certo grao de madurez musical.
- Ter un hábito de traballo que inclúa a constancia, a regularidade, a racionalización do esforzo e a autocrítica.
- escoitarse constantemente para conseguir un traballo e unha interpretación o mellor posíbeis.
- Mostrar unha actitude global positiva ante o estudio do piano que asegure as bases para futuros estudos superiores.
- Asistir a concertos, coñecer discografía, ler sobre a materia da especialidade e debater sobre algúns xeitos destes feitos.
- Crear nos alumnos o hábito de tocar en público.

### CONTIDOS MÍNIMOS

- Preparación xeral do corpo e hábito de detectar tensións musculares no mesmo.
- Técnicas de relaxación.
- Hábito de solfexar, de analizar e de comprender a estrutura da obra previamente ao Estudio co instrumento.
- Control do peso que permita o dominio dos diferentes planos sonoros.
- Hábito de utilizar o pedal “unha corda” ou “celeste” como medio de expresión encanto a cor e volume así como o pedal tonal en algunhas pasaxes que así o requiran.
- Hábito de pedalizar cada obra segundo o seu estilo.
- Hábito de dixitar unha obra segundo as particularidades físicas de cada man e as necesidades estilísticas e expresivas de cada pasaxe.
- Hábito de relacionar as diferentes disciplinas coa finalidade de conseguir a máxima fidelidade na interpretación.
- Preparación psicolóxica que favoreza o rendemento mais alto, tanto no traballo individual como na interpretación en público.
- Lectura a vista.
- Lectura de libros ou outras publicacións relacionadas coa interpretación e o estudio do piano.
- Hábito de asistir a concertos.
- Criterio persoal e autonomía na toma de decisións que afecten á interpretación.
- Hábito de traballo persoal e autocrítica, e vontade de superación persoal.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento e o profesor titor.

## **METODOLOXÍA**

No primeiro curso do terceiro ciclo de Grao Medio (LOXSE) os alumnos interpretarán un programa composto por un mínimo de 5 obras. Este programa constará dos seguintes apartados:

- 1 *Estudio*.
- 1 *Obra Barroca*.
- 1 *Sonata Clásica ou variacións ou fantasías*.
- 2 obras a escoller entre os estilos *Romántico, Moderno ou Música Española*.

## **SEGUNDO CURSO**

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

Ademais dos obxectivos comúns a desenvolver durante todo o grao medio anteriormente descritos, o

ensino do piano neste curso terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Ter coñecemento dos tratados mais importantes do período barroco e do seu contido.
- Interpretar dunha maneira adecuada ao estilo, un repertorio cronolóxico e diverso.
- Asistir a concertos, comprometerse en accións de libre participación, coñecer discografía, ler sobre a materia da especialidade e debater sobre algúns xeitos destes feitos.
- Crear nos alumnos o hábito de tocar en público.

### **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Preparación xeral do corpo e hábito de detectar tensións musculares no mesmo.
- Técnicas de relaxación.
- Hábito de solfexar, de analizar e de comprender a estrutura da obra previamente ao estudio co instrumento.
- Control do peso que permita o dominio dos diferentes planos sonoros.
- Equilibrio sonoro.
- Hábito de utilizar o pedal “unha corda” ou “celeste” como medio de expresión encanto a cor e volume así como o pedal sostenuto ou pedal tonal en algunhas pasaxes que así o requiran.
- Hábito de pedalizar cada obra segundo o seu estilo.
- Hábito de dixitar unha obra segundo as particularidades físicas de cada man e as necesidades estilísticas e expresivas de cada pasaxe.
- Hábito de relacionar as diferentes disciplinas coa finalidade de conseguir a máxima fidelidade na interpretación.
- Preparación psicolóxica que favoreza o rendemento mais alto, tanto no traballo individual como na interpretación en público.
- Lectura a vista.
- Lectura de libros ou outras publicacións relacionadas coa interpretación e o estudio do Piano.
- Hábito de asistir a concertos .
- Criterio persoal e autonomía na toma de decisións que afecten á interpretación.
- Hábito de traballo persoal e autocrítica e vontade de superación persoal.
- Participación nas audicións organizadas polo departamento –audicións trimestrais e concertos no auditorio- e o profesor titor.

### **METODOLOXÍA**

No segundo curso do terceiro ciclo de Grao Medio (LOXSE) os alumnos interpretarán un programa composto por un mínimo de 5 obras. Este programa constará dos seguintes apartados:

- 1 *Estudio*.
- 1 *Obra Barroca*.
- 1 *Sonata Clásica ou variacións ou fantasías*.
- 2 obras a escoller entre os estilos *Romántico, Moderno ou Música Española*.

## REPERTORIO ORIENTATIVO: 5º E 6º DE GRAO MEDIO (LOXSE)

### • Estudios:

- Czerny, op.740, nº8, 4, 17 e 23.
- Moszkowsky, op.72.
- Kullak, op.48, 2ª parte (Escola de oitavas, nº 1, 3, 4, 5).
- Bartok, vol.VI.
- Clementi (Gradus ad Parnassum).
- Jensen, op.32.

### • Obra Barroca:

- Bach; Preludios e Fugas do Clave ben temperado, Suites Francesas e Inglesas, Partitas, etc.

### • Obra Clásica:

- Beethoven, sonatas 1, 6, 8, 10, 17, 27.
- Mozart, sonatas KV 310 e KV 331.
- Haydn: Hob.XVI/23 e Hob.XVI/52

### • Obra Romántica:

- Impromptus de Schubert op.142.
- Nocturnos de Chopin (números 1, 4, 7, 9, ...).
- Fantasía Impromptu de Chopin.
- Arabesque op.18 de Schumann.
- Intermezzos op.118 de Brahms.
- Consolacións, Soneto nº 47 de Liszt.

### • Obra Moderna:

- Preludios de Debussy.
- Allegro Bárbaro de B.Bartok.
- Danza do Indio Branco de Villa-Lobos.
- 6 Danzas Búlgaras de B.Bartok.
- Polichinello de Villa-Lobos.
- Toccata de Kachaturian.

### • Obra española:

- Cádiz, Córdoba, Sevilla, Cuba, Asturias,..., de Albéniz.
- Mujeres Españolas de Turina.
- Cancións e Danzas de Mompou (excepto 1 e 2).
- Catro pezas españolas de Falla.